

Bases do desenvolvemento e condicións da participación da acción de promoción comercial nos establecementos comerciais “Rasca e Gaña” da Campaña de Nadal 2018/2019

O concello de Cambre pon en marcha a acción de dinamización comercial nos establecementos comerciais “Rasca e gaña no Nadal”, dentro da Campaña de dinamización comercial de Nadal 2018/2019, segundo as seguintes bases de desenvolvemento e condicións de participación:

1. Poderán participar nesta acción de promoción comercial todos os establecementos comerciais de venda polo miúdo de agasallos (a excepción dos supermercados de cadea e medianas e grandes superficies comerciais), establecementos de venda polo miúdo de produtos de alimentación e establecementos de perruquería e estética do Concello de Cambre.
2. O obxectivo da acción comercial é fomentar a compra nos establecementos do Concello de Cambre a través do outorgamento dos premios contidos nos bonos “Rasca e gaña no Nadal”, a través da posta en circulación de 34.000 bonos, co seguinte esquema:
 - **1 bono cun premio de 500,00 euros**, para compras nos establecementos comerciais participantes nesta acción de dinamización comercial, a realizar **antes do 28 de febreiro de 2019**.
 - **3 bonos cun premio de 300,00 euros** cada un deles, para compras nos establecementos comerciais participantes nesta acción de dinamización comercial, a realizar **antes do 28 de febreiro de 2019**.
 - **10 bonos cun premio de 200,00 euros** cada un deles, para compras nos establecementos comerciais participantes nesta acción de dinamización comercial, a realizar **antes do 28 de febreiro de 2019**.
 - **25 bonos de 100 euros** de premio cada un deles, para a realización de compras nos establecementos comerciais participantes nesta acción de dinamización comercial, a realizar **antes do 6 de xaneiro de 2019**.
 - **105 bonos de 20 euros** de premio cada un deles para a realización de compras nos establecementos comerciais participantes nesta acción de dinamización comercial, a realizar **antes do 6 de xaneiro de 2019**.
 - **15 bonos cun premio de cesta especial de Nadal**, cun **valor** estimado no mercado de **250,00 euros** cada unha delas.
 - **60 bonos cun premio de cesta de Nadal**, cun **valor** de estimado no mercado de **60,00 euros** cada unha delas.
 - **33.781 bonos** coa lenda “**Bo Nadal. Mercado en Cambre fas un Concello mellor**” ou outra de contido análogo.
3. **O custo** da participación para os establecementos **será gratuíto**.
4. Participarán nesta acción de promoción comercial de xeito directo aqueles establecementos que teñan participado na campaña de Nadal do 2017/2018 e os incorporados no ano 2018. As peticións posteriores serán atendidas polo Concello de Cambre seguindo a orde cronolóxica das peticións recibidas e en función das dispoñibilidades destes ata o seu esgotamento.
5. Cada un dos establecementos que participe na acción comercial **recibirá**:
 - Un lote de bonos “Rasca e gaña no Nadal” que **poderán conter** distintas lendas:
 - Bonos coa lenda “**Bo Nadal. Mercado en Cambre fas un Concello mellor**” ou outra de contido análogo.
 - Bonos coa lenda **premio** de diferentes importes económicos, segundo o sinalado no punto 2.
 - Bonos coa lenda **cesta especial de Nadal** ou **cesta de Nadal**.
 - Un cartel anunciador da promoción para dala a coñecer ao público que, de **xeito obrigatorio**, se **exporá no lugar máis visible** para a clientela do establecemento comercial, preferentemente no escaparate.
 - Unha copia destas bases reguladoras do desenvolvemento e condicións de participación.
6. O **número** final de **bonos** de cada clase que recibirá cada establecemento estará en función da súa actividade:
 - Establecementos **de agasallos: 200 bonos**.
 - Establecementos **de venda polo miúdo de produtos de alimentación** (a excepción dos supermercados de cadea e medianas e grandes superficies comerciais): **300 bonos**.
 - Establecementos **de perruquería e estética: 100 bonos**.

Os establecementos poderán solicitar expresamente que se lle entreguen outras cantidades de bonos “rasca e gaña”, que serán subministradas polo Concello de Cambre seguindo a orde cronolóxica das peticións recibidas e en función das disponibilidades destes ata o seu esgotamento.

7. Este material **entregarase** polos medios alleos ao Concello de Cambre contratados ao efecto a cada un dos establecementos participantes, **previsiblemente durante os días 28, 29 e 30 de novembro de 2018** en horario comercial.
8. As persoas titulares dos establecementos e o seu persoal poderán participar nesta promoción, pero sempre con bonos “Rasca e gaña no Nadal” que non correspondan á súa propia empresa.

Entrega dos bonos “Rasca e gaña no Nadal” polos establecementos comerciais á clientela

9. Os establecementos participantes na promoción entregarán os bonos “Rasca e gaña no Nadal” á súa clientela dende o **sábado 1 de decembro de 2018** ata o **sábado 5 de xaneiro de 2019**, ambos incluídos. Cada establecemento determinará a cantidade de bonos que entregará á súa clientela como considere máis oportuno e axeitado á súa política comercial, sen que haxa un número máximo ou mínimo de bonos polo importe de cada compra. O/A cliente debe rasca o bono no mesmo momento da súa entrega polo/a comerciante.
10. Cada establecemento participante comprométese a **repartir** entre a súa clientela a **totalidade dos bonos** antes do 6 de xaneiro de 2019.
11. Con carácter previo á entrega, o establecemento identificará todos os seus bonos, escribindo o seu nome comercial e número de teléfono de contacto no reverso, e estampando neles o selo do establecemento ou no caso de non ter, a sinatura da persoa titular. **Este requisito é imprescindible para validar cada un dos bonos, polo que o concello de Cambre non aboará ningunha factura nin entregará ningunha cesta que conteñan bonos que non estean debidamente selados ou, no seu defecto, asinados.**

Procedemento a seguir no caso de bonos “Rasca e gaña no Nadal” premiados

12. No caso de resultar gañador/a dalgún dos bonos consistentes en **cestas de Nadal**, deberán poñerse en contacto o antes posible co Concello (a través do teléfono 981 613196 ou por email: adl@cambre.org) para indentificar ao premiado/a, co seu nome e apelidos, documento de identificación e datos de contacto, segundo a folia de control que se achega con estas bases como Anexo I, podendo pasar a persoa gañadora pola ADL en horario de 08:00 a a 15:00 a recoller a súa cesta. No caso de resultaren premiados cunha Cesta Especial, o Concello poderá realizar a súa entrega nos mesmos locais comerciais para contribuír á difusión da campaña.
13. Os bonos que conteñen premios para a realización de compras do Concello de Cambre de **20,00 euros deberán ser utilizados nunha nova compra no mesmo establecemento onde apareceron, antes do 6 de xaneiro de 2019**. Por tanto, cada empresa participante deberá responsabilizarse da correcta utilización dos bonos que aparezan e se troquen no seu establecemento.
14. No caso específico dos **bonos correspondentes aos premios de 100 euros**, seguirase o seguinte procedemento:
 - O/a comerciante do establecemento que entregue o premio deberá recoller os datos da persoa premiada. A tal efecto, facilítase a folia de control que se achega con estas bases como Anexo I.
 - O bono deberá gastarse integramente **antes do 6 de xaneiro de 2019**, nos establecementos participantes na campaña.
 - O establecemento onde se utilice o bono premiado, **deberá conformar a autenticidade do bono, mediante unha chamada telefónica ao establecemento no que apareceu o bono premiado.**
 - **Estes requisitos son imprescindibles para validar cada un dos bonos, polo que o concello de Cambre non abonará ningunha factura que conteña un bono que non estea debidamente conformado.**

15. No caso específico dos **bonos correspondentes aos premios de 200, 300 e 500 euros**, seguirase o seguinte procedemento:

- O/a comerciante do establecemento que entregue o bono deberá recoller os datos da persoa premiada. A tal efecto, facilítase a folla de control con estas bases como Anexo I, podendo tamén comunicar os datos do/a premiado/a o antes posible ao Concello de Cambre, a través do teléfono 981 613196 ou por email: adl@cambre.org.
- O bono deberá gastarse integramente **antes do 28 de febreiro de 2019**, nos establecementos participantes na campaña. Para facilitar as compras en varios establecementos, o concello poderá canxear o dito bono premiado, a petición da persoa premiada, por outros de 50 euros, ata a cantidade que lle corresponda. Cada un destes novos bonos de 50 euros deberán gastarse integramente nun so establecemento.
- O establecemento onde se utilice o bono premiado, **deberá conformar a autenticidade do bono, mediante unha chamada telefónica ao establecemento no que apareceu o bono premiado.**
- **Estes requisitos son imprescindibles para validar cada un dos bonos, polo que o Concello de Cambre non abonará ningunha factura que conteña un bono que non estea debidamente conformado.**

Procedemento de facturación dos premios do “Rasca e gaña no Nadal” por parte dos establecementos comerciais

16. Para o **cobro dos bonos** que conteñen premios para a realización das compras nos establecementos participantes ata o **6 de Xaneiro de 2019, isto é, os bonos de 20 e 100 euros**, estes deberán **presentar as facturas correspondentes** no rexistro do Concello de Cambre, entre os días **7 e o 18 de xaneiro de 2019, ambos incluídos**. Cada establecemento presentará:

- **Unha única factura** que comprenderá todos os bonos premiados utilizados no propio comercio, acompañada de:
 - Todos os bonos premiados.
 - A folla de control que se facilita con estas base como Anexo I coa relación dos bonos premiados no establecemento e coa relación dos bonos gastados no establecemento.
 - Os tickets de compra correspondentes aos bonos gastados no establecemento.
 - Un documento que acredite o numero IBAN da conta bancaria para a realización da transferencia bancaria de pagamento.

17. Para o **cobro dos bonos** que conteñen premios para a realización das compras nos establecementos participantes ata o **28 de Febreiro de 2019, isto é, os bonos de 200, 300 e 500 euros**, estes deberán **presentar as facturas correspondentes** no rexistro do Concello de Cambre, entre os días **4 e o 15 de marzo de 2019, ambos incluídos**. Cada establecemento presentará:

- **Unha única factura** que comprenderá todos os bonos utilizados no propio comercio, acompañada de:
 - Todos os bonos premiados.
 - A folla de control que se facilita con estas base como Anexo I coa relación dos bonos premiados no establecemento e coa relación dos bonos gastados no establecemento.
 - Os tickets de compra correspondentes aos bonos gastados no establecemento.
 - Un documento que acredite o numero IBAN da conta bancaria para a realización da transferencia bancaria de pagamento.

18. Os **datos de facturación** do Concello de Cambre son os seguintes:

Concello de Cambre
Rúa Adro, 1 - 15660 Cambre
CIF P-1501700-G

Se a forma xurídica da empresa fora a de sociedade anónima ou sociedade de responsabilidade limitada, estas deberán utilizar a facturación electrónica, salvo que se trate da primeira factura emitida a este Concello.

Para o cumprimento da obriga de facturación electrónica infórmase que o Concello de Cambre está adherido á utilización da plataforma FACe-Punto General de Entrada de las Facturas Electrónicas de la Administración General del Estado dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas (regulada na Orde HAP/1074/2014, do 24 de xuño, BOE nº 154, 25/06/14, e na Resolución de 25 de xuño de 2014, da Secretaría do Estado de Administracións Públicas, BOE nº 157, 28/06/2014). O acceso a esta Plataforma e a información sobre a mesma realizarase a través da seguinte URL: <https://face.gob.es>

Os tres códigos necesarios para a facturación son os seguintes:

Oficina Contable	Órgano Gestor	Unidad Tramitadora
GE0002418 INTERVENCIÓN	LA0004868 ALCALDÍA	LA0004869 CONCEJALÍA HACIENDA

A petición de información do estado da factura realizarase a través de correo electrónico, dirixindo a súa consulta a infofacturas@cambre.org

19. Na factura deberán constar, ademais:

- Concepto: Campaña "Rasca e gaña no Nadal".
- Número de conta da transferencia bancaria.

20. É responsabilidade dos establecementos participantes, autenticar os bonos premiados antes de canxealos.

21. O feito de participar nesta acción de promoción comercial significa **aceptar** as **bases establecidas** polo Concello de Cambre, que se atopan expostas no Taboleiro de Anuncios do Concello de Cambre e na web www.cambre.es. Poden ser consultadas por calquera persoa interesada. Para calquera aclaración, establécense os seguintes teléfonos de contacto:

Axencia de Desenvolvemento Local: 981 613 196 / 981 613 128
adl@cambre.org

**ANEXO I
FOLLA DE CONTROL**

RASCA E GAÑA DO NADAL 2018/2019

NOME E APELIDOS DO EMPRESARIO INDIVIDUAL OU DENOMINACIÓN SOCIAL			
ENDEREZO			
NIF/CIF		TELÉFONO	
CORREO ELECTRÓNICO			

RELACIÓN DE BONOS PREMIADOS ENTREGADOS NO ESTABLECEMENTO

TIPO DE BONO	NOME E APELIDOS PREMIADO/A	DNI	TELÉFONO	SINATURA DO PREMIADO/A
<input type="checkbox"/> Bono 500 € <input type="checkbox"/> Bono 300 € <input type="checkbox"/> Bono 200 € <input type="checkbox"/> Bono 100 €	<input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta Esp. Nadal			
<input type="checkbox"/> Bono 500 € <input type="checkbox"/> Bono 300 € <input type="checkbox"/> Bono 200 € <input type="checkbox"/> Bono 100 €	<input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta Esp. Nadal			
<input type="checkbox"/> Bono 500 € <input type="checkbox"/> Bono 300 € <input type="checkbox"/> Bono 200 € <input type="checkbox"/> Bono 100 €	<input type="checkbox"/> Cesta Nadal <input type="checkbox"/> Cesta Esp. Nadal			

RELACIÓN DE BONOS GASTADOS NO ESTABLECEMENTO

TIPO DE BONO	ESTABLECEMENTO ONDE TOCOU O PREMIO	PREMIADO/A
<input type="checkbox"/> Bono 500 € <input type="checkbox"/> Bono 300 €	<input type="checkbox"/> Bono 200 € <input type="checkbox"/> Bono 100 € Nome e apelidos do empresario individual ou razón social: Telefono:	Nome e apelidos do premiado/a: NIF/CIF: Telefono:
<input type="checkbox"/> Bono 500 € <input type="checkbox"/> Bono 300 €	<input type="checkbox"/> Bono 200 € <input type="checkbox"/> Bono 100 € Nome e apelidos do empresario individual ou razón social: Telefono:	Nome e apelidos do premiado/a: NIF/CIF: Telefono:
<input type="checkbox"/> Bono 500 € <input type="checkbox"/> Bono 300 €	<input type="checkbox"/> Bono 200 € <input type="checkbox"/> Bono 100 € Nome e apelidos do empresario individual ou razón social: Telefono:	Nome e apelidos do premiado/a: NIF/CIF: Telefono:
<input type="checkbox"/> Bono 500 € <input type="checkbox"/> Bono 300 €	<input type="checkbox"/> Bono 200 € <input type="checkbox"/> Bono 100 € Nome e apelidos do empresario individual ou razón social: Telefono:	Nome e apelidos do premiado/a: NIF/CIF: Telefono:

En cumprimento da L.O. 15/1999 de Protección de datos de carácter persoal, informámoslle que os datos persoais obtidos deste formulario van ser incorporados para o seu tratamento a un ficheiro titularidade do Concello de Cambre e só serán utilizados para trámites directamente relacionados co programa "Campaña de Nadal", sen que en ningún caso poidan ser cedidos a terceiros. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición polos motivos indicados na citada L.O. 15/1999, presentando unha solicitude no Rexistro xeral do Concello de Cambre.

En Cambre, de de 201__.

SINATURA:

ANEXO II

INSTRUCCIÓN PARA OS ESTABLECEMENTOS PARTICIPANTES

RASCA E GAÑA DO NADAL 2018/2019

Preparación e entrega dos rascas

1. **Identifique todos os bonos recibidos**, escribindo o **nome comercial do seu establecemento** e o **número de teléfono** de contacto no reverso, e estampando neles o **selo do seu establecemento** ou, no caso de non contar con selo, a sinatura da persoa titular do mesmo. O concello de Cambre non aboará ningunha factura nin entregará ningún premio sen o correspondente bono debidamente selados ou, no seu defecto, asinado.
2. Entregue os bonos "Rasca e gaña no Nadal" recibidos á súa clientela **entre o sábado 1 de decembro de 2018 e o sábado 5 de xaneiro de 2019**, ambos incluídos.
3. Vostede determinará a cantidade de bonos que entregará á súa clientela como considere máis oportuno e axeitado á súa política comercial, sen que haxa un número máximo ou mínimo de bonos polo importe de cada compra.
4. **O/a cliente deberá rascar o bono no mesmo momento da súa entrega** polo establecemento.

Actuación no caso de entrega de rascas de Nadal gañadores

5. Si un "rasca e gaña" do Nadal entregado no seu establecemento resultase premiado cunha cesta do Nadal:
 - 5.1. Deberá identificar á persoa gañadora na folia de control (Anexo I).
 - 5.2. Deberá poñerse en contacto o antes posible co Concello (a través do teléfono 981 613196 ou por email: adi@cambre.org) para coordinar a entrega do premio.
6. Si un "rasca e gaña" do Nadal entregado no seu establecemento resultase premiado cun bono de 20 euros:
 - 6.1. Deberá utilizarse nunha nova compra no seu establecemento antes do 6 de xaneiro de 2019.
 - 6.2. Deberá conservar tanto o bono premiado como o ticket de compra correspondente ao bono gastado no seu establecemento aos efectos de facturación ao concello.
7. Si un "rasca e gaña" do Nadal entregado no seu establecemento resultase premiado cun bono de 100 euros:
 - 7.1. Deberá identificar á persoa gañadora na folia de control (Anexo I).
 - 7.2. Deberá utilizarse integramente nunha nova compra nun establecemento participante na campaña antes do 6 de xaneiro de 2019.
 - 7.3. Si o bono é empregado no seu establecemento, deberá conservar tanto o bono premiado como o ticket de compra correspondente á nova compra aos efectos de facturación ao concello.
8. Si un "rasca e gaña" do Nadal entregado no seu establecemento resultase premiado cun bono de 200, 300 ou 500 euros:
 - 8.1. Deberá identificar á persoa gañadora na folia de control (Anexo I), podendo tamén comunicar os datos do/a premiado/a o antes posible ao Concello de Cambre, a través do teléfono 981 613196 ou por email: adi@cambre.org.
 - 8.2. Deberá utilizarse integramente nunha nova compra nun establecemento participante na campaña antes do 28 de febreiro de 2019. Para facilitar as compras en varios establecementos, o concello poderá canxear o dito bono premiado, a petición da persoa premiada, por outros de 50 euros, ata a cantidade que lle corresponda. Cada un destes novos bonos de 50 euros deberán gastarse integramente nun so establecemento.
 - 8.3. Si o bono é empregado no seu establecemento, deberá conservar tanto o bono premiado como o ticket de compra correspondente á nova compra aos efectos de facturación ao concello.

Actuación no caso de compras con rascas de Nadal entregados noutros establecementos

9. Si un "rasca e gaña" do Nadal entregado noutro establecemento resultase premiado cun bono de 100 euros a gastar no seu establecemento:
 - 9.1. Deberá utilizarse integramente nunha nova compra antes do 6 de xaneiro de 2019.
 - 9.2. Deberá conformar a autenticidade do bono mediante unha chamada telefónica ao establecemento no que se entregou o bono.
 - 9.3. Deberá conservar tanto o bono premiado como o ticket de compra correspondente á compra realizada no seu establecemento aos efectos de facturación ao concello.

10. Si un “rasca e gaña” do Nadal entregado noutro establecemento resultase premiado cun bono de 200, 300 ou 500 euros a gastar nos seu establecemento:
 - 10.1. Deberá utilizarse integramente nunha nova compra antes do 28 de febreiro de 2019.
 - 10.2. Deberá conformar a autenticidade do bono, mediante unha chamada telefónica ao establecemento no que se entregou o bono.
 - 10.3. Deberá conservar tanto o bono premiado como o ticket de compra correspondente á compra realizada no seu establecemento aos efectos de facturación ao concello.

Facturación ao concello de Cambre

11. Para o **cobro dos bonos de 20 e 100 euros** deberá presentarse no rexistro do Concello de Cambre, **entre os días 7 e o 18 de xaneiro de 2019**, ambos incluídos, a seguinte documentación:
 - 11.1. Unha única factura comprensiva de todos os bonos premiados utilizados no seu establecemento.
 - 11.2. Todos os bonos premiados.
 - 11.3. A folia de control que se facilita con estas base como Anexo I coa relación dos bonos premiados e/ou gastados no establecemento.
 - 11.4. Os tickets de compra correspondentes aos bonos gastados no establecemento.
 - 11.5. Un documento que acredite o numero IBAN da conta bancaria para a realización da transferencia bancaria de pagamento.
12. Para o **cobro dos bonos de 200, 300 e 500 euros** deberá presentarse no rexistro do Concello de Cambre, **entre os días 4 e o 15 de marzo de 2019**, ambos incluídos, a seguinte documentación:
 - 12.1. Unha única factura comprensiva de todos os bonos premiados utilizados no establecemento.
 - 12.2. Todos os bonos premiados.
 - 12.3. A folia de control que se facilita con estas base como Anexo I coa relación dos bonos premiados e/ou gastados no establecemento.
 - 12.4. Os tickets de compra correspondentes aos bonos gastados no establecemento.
 - 12.5. Un documento que acredite o numero IBAN da conta bancaria para a realización da transferencia bancaria de pagamento.
13. As facturas deberán emitirse de conformidade co indicado nos puntos 18 e 19 das Bases do desenvolvemento e condicións da participación da acción de promoción comercial nos establecementos comerciais “Rasca e Gaña” da Campaña de Nadal 2018/2019.